

## **CONVOCATORIA RENOVACIÓN E PROVISIÓN DE VACANTES NAS vogalías do Comité de ética en intervención social As Mariñas (CEIS As Mariñas)**

### **1. OBXECTO E FINALIDADE**

Ao abeiro do disposto no artigo 14 do Desenvolvemento normativo de funcionamento interno do CEIS As Mariñas, en relación co artigo 11, e coa finalidade de mellorar a competencia técnica e facilitar o cumprimento das súas funcións, publícase esta convocatoria de renovación da composición do Comité e provisión das vacantes existentes ata un máximo de 7 novas vogalías.

### **2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**

Pode presentar a súa solicitude calquera profesional dos Servizos sociais comunitarios e das entidades sociosanitarias dos concellos pertencentes ao Consorcio As Mariñas. Tamén pode presentar a súa solicitude calquera persoa vencellada á intervención social, segundo os requisitos establecidos no artigo 8 do Desenvolvemento normativo de funcionamento interno do CEIS As Mariñas.

Ademais, ao abeiro do disposto no artigo 8, párrafo 2 do Desenvolvemento normativo de funcionamento interno do CEIS As Mariñas, a persoa solicitante acreditará unha formación básica en ética en intervención social ou o compromiso de adquirir esa formación nos dous primeiros anos de pertenza ao Comité.

### **3. PROCEDEMENTO**

A persoa interesada deberá presentar a súa solicitude dirixida á secretaría do CEIS As Mariñas, que estará a disposición das persoas interesadas a través da páxina web do Consorcio.

As solicitudes poderán presentarse a través da Sede electrónica (con DNI electrónico/certificado electrónico, Clave PIN ou Clave Permanente) ou ben de forma presencial no propio rexistro do Consorcio As Mariñas, no enderezo de Lugar de Bos, Naves O Carballal, nº 4. 15640 – Guísamo-Bergondo (A Coruña) e no seguinte horario de 9 a 14 horas:

A solicitude, en formato libre, debe conter a seguinte documentación:

- a) Solicitude de incorporación ao CEIS As Mariñas.
- b) Documento acreditativo da identidade (DNI ou similar).
- c) Currículo abreviado en formato libre (extensión máxima: 2 páxinas), onde consten as titulacións, cursos, traballos e, en xeral, calquera mérito relativo ao obxecto desta convocatoria, así como o vínculo co Consorcio As Mariñas.
- d) Carta da persoa solicitante na que exprese as razóns para se incorporar ao CEIS As Mariñas.

O prazo de presentación da solicitude será de dez días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web do Consorcio As Mariñas.

#### 4. RESOLUCIÓN

De conformidade co artigo 14 do Desenvolvemento normativo de funcionamento interno do CEIS As Mariñas as solicitudes recibidas serán debatidas na seguinte reunión ordinaria do Comité, incluíndo previamente este punto na orde do día. Os acordos para que unha persoa forme parte do mesmo, deberán adoptarse por maioría de 2/3 dos membros presentes. Finalizado o proceso, a secretaría do órgano elevará o acordo á presidencia do Consorcio As Mariñas, para os efectos de que esta realice a proposta de nomeamento.

O nomeamento realizarase por Resolución da Presidencia do Consorcio As Mariñas.

En Bergondo, a 12 de setembro de 2024.

Asdo.:  
Presidenta do CEIS As Mariñas